

**Acordo sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docentes da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2008, do 3 de maio, de Educación**



## **ACORDO SOBRE MEDIDAS QUE MELLORAN O FUNCIONAMENTO DO SISTEMA EDUCATIVO E AS CONDICIÓNS LABORAIS DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA QUE IMPARTE AS ENSINANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Acordo que acadan a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CC.OO, ANPE e UGT-SP ENSINO, ten a finalidade de adoptar unha serie de medidas que redunden na mellora do funcionamento do sistema educativo, cunha incidencia en todos sectores da comunidade educativa: as familias, o alumnado, os equipos directivos e o profesorado, en xeral.

A redución dos rateos das etapas de educación infantil e educación primaria de 25 a 20 alumnos por aula e a de educación secundaria obrigatoria e bacharelato a 25 e 30, respectivamente, favorecerá a consecución dos obxectivos destas etapas. Por outra parte, o feito de que cada alumno ou alumna cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%, ou cun grao I de dependencia acreditada, ou cun trastorno grave da conduta acreditada compute, para os efectos deste rateo, como dous, e que cada alumno ou alumna cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 65%, ou cun grao II ou III de dependencia acreditada compute, para estes mesmos efectos do rateo, como tres, é unha medida moi potente de aposta pola inclusión educativa, de atención á diversidade e de protección das familias máis desfavorecidas.

A redución dos rateos será progresiva, pero o compromiso de non efectuar a supresión de unidades durante o seu período de implantación, cando non procedese se os novos rateos estivesen xa vixentes, é unha clara aposta pola estabilidade do profesorado.

En relación co profesorado abórdanse, ademais, tres cuestións que se consideran esenciais fomentar:

- A formación do profesorado
- O desempeño dos órganos unipersoais de goberno
- O desempeño da titoría

*Mateo Fernández*  
UGT

*[Signature]*  
ANPE

*[Signature]*  
CCOO

*[Signature]*

Incentivase así, neste acordo, a formación do profesorado, o desempeño dos órganos unipersoais de goberno e da titoría con incrementos retributivos.

Asemade, redúcese o horario lectivo do persoal docente que imparte as ensinanzas de educación infantil e primaria a 23 horas e difírese a negociación dunha nova regulación do horario lectivo da xornada de traballo do persoal funcionario e persoal laboral docentes ao momento no que se aborde unha xornada de traballo de 35 horas semanais para todo o persoal da Xunta de Galicia.

Finalmente, nas medidas complementarias establécese o compromiso da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de reducir as tarefas burocráticas, regular as reunións telemáticas e as licenzas de formación sen retribución, así como o incremento das axudas para a formación.

## **1. ÁMBITO DE APLICACIÓN**

1.1. O presente acordo será de aplicación ao persoal funcionario e laboral docentes dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

1.2. A redución de rateos resultará de aplicación nos centros públicos e nos centros privados sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **2. REDUCCIÓN DE RATEOS**

2.1. Redúcense os rateos máximos por grupo na educación infantil, na educación primaria, na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato.

2.1.1. No curso 2024/2025 iníciarase o calendario de aplicación cun rateo máximo de 20 alumnos/as en 4º de educación infantil. Este rateo máximo de 20 alumnos/as por aula aplicarase de forma progresiva nas etapas de educación infantil e educación primaria nos sucesivos cursos.

2.1.2. Non obstante, aquelas aulas que ao inicio da aplicación progresiva desta redución de rateos teñan entre 20 e 25 alumnos/as, non verán incrementado o seu número de alumnos/as reais en toda a duración do período de aplicación respecto do número real que tiveran no curso anterior.

*M. L. Rodríguez*  
VGT

*[Signature]*  
ANPE

*[Signature]*  
CCOO



2.1.3. Os rateos máximos na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato serán de 25 e 30 alumnos/as por aula, respectivamente. A negociación do calendario de aplicación nestas etapas iniciárase coincidindo co remate da aplicación dos novos rateos na etapa de educación infantil.

2.2. Durante a implantación progresiva da redución de rateos máximos nas etapas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato non se realizarán supresións de unidades naqueles centros nos que, a consecuencia da diminución de alumnado, procedese efectuar unha supresión cos límites vixentes no curso académico correspondente pero non proceda cos rateos de 20 alumnos/as en educación infantil e educación primaria, 25 alumnos/as en educación secundaria obrigatoria e 30 alumnos/as en bacharelato.

2.3. Se nalgún caso excepcional non puidese cumprirse os novos rateos establecidas, por inexistencia de aulas no centro educativo, no caso das ensinanzas de educación infantil e primaria, dotarase ao centro cun especialista de educación primaria máis dos que lle corresponden por catálogo.

2.4. Cada alumno ou alumna cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%, ou cun grao I de dependencia acreditada, ou cun trastorno grave da conduta acreditada computará, para os efectos deste rateo, como dous.

2.5. Cada alumno ou alumna cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 65%, ou cun grao II ou III de dependencia acreditada computará, para os efectos deste rateo, como tres.

2.6. Computará, para os efectos de rateos, o alumnado repetidor.

2.7. Nas aulas que escolaricen alumnado de diferentes niveis, ciclos e/ou etapas educativas serán de aplicación os rateos contemplados no Acordo de agrupamentos do alumnado do 10 de xullo de 2009.

### **3. REDUCCIÓN DO HORARIO LECTIVO.**

Redúcese o horario lectivo do persoal docente que imparte as ensinanzas de educación infantil e primaria a 23 horas e difírese a negociación dunha nova regulación do horario lectivo da xornada de traballo do persoal funcionario e persoal laboral docentes ao momento no que se aborde unha xornada de traballo de 35 horas semanais para todo o persoal da Xunta de Galicia.

*Michele Fernandez*  
UGT

*DS*  
ANPE

*[Signature]*  
CCOO

*[Signature]*



#### **4. INCREMENTO MENSUAL DO COMPOÑENTE DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO POR FORMACIÓN PERMANENTE DO PERSOAL FUNCIONARIO E PERSOAL LABORAL DOCENTES.**

4.1. O importe mensual do compoñente do complemento específico por formación permanente do persoal funcionario e do persoal laboral docentes terá os seguintes incrementos:

| Efectos    | Incremento porcentual |
|------------|-----------------------|
| 01.01.2024 | 10%                   |
| 01.01.2025 | 10%                   |
| TOTAL      | 20%                   |

4.2. Transcorridos seis anos desde a sinatura do presente acordo, para o perfeccionamento do compoñente do complemento específico por formación permanente, requirirase que o profesorado teña acadado o nivel B1 de competencia dixital docente.




A Consellería comprométese a realizar unha oferta formativa suficiente que permita a todo o profesorado acadar o nivel B1.

#### **5. INCREMENTO POLO DESEMPEÑO DE ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO, POR SER RESPONSABLE DE CENTROS DE MENOS DE 3 UNIDADES EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA E POR FUNCIÓN DE INSPECCIÓN EDUCATIVA.**

5.1. Incremento lineal polo desempeño de órganos unipersoais de goberno, por ser responsable de centros de menos de 3 unidades en educación infantil e primaria e polo exercicio de función de inspección:

| Efectos    | Contía mensual en euros |
|------------|-------------------------|
| 01.01.2024 | 20                      |
| 01.01.2025 | 20                      |
| 01.01.2026 | 20                      |
| TOTAL      | 60                      |

5.2. Este incremento resulta de aplicación tamén aos seguintes postos que teñen equiparada a súa retribución a unha dirección ou a unha xefatura de estudos de centros tipo A:

  
Montserrat Oca  
ANPE  
CCOD

- Xefaturas de Residencias.
- Membros dos equipos de orientación específica.
- Á dirección do CAFI, CFRs, Centro Galego de Innovación da Formación Profesional e o Centro Autonómico de Formación e Innovación e ao persoal asesor destes centros.
- Asesores técnicos docentes.

## **6. INCREMENTO DO IMPORTE MENSUAL DO COMPOÑENTE DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO POR FUNCIÓN TITORIAL E OUTRAS FUNCIÓNS DOCENTES.**

| Efectos    | Incremento mensual |
|------------|--------------------|
| 01.01.2024 | 10%                |
| 01.01.2025 | 10%                |

## **7. MEDIDAS COMPLEMENTARIAS.**

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comprométese a:

**7.1.** Elaborar un plan de simplificación das tarefas burocráticas nos centros educativos que permita unha maior dedicación do persoal docente ás actividades especificamente educativas.

Constituirase un grupo de traballo que durante o curso 2023/2024 elaborará un plan para que poida implantarse no curso 2024/2025.

**7.2.** Estender e regular a posibilidade de realizar reunións de forma telemática aos órganos de coordinación docente, nos centros educativos, sempre que así o decida o Claustro de profesorado no uso da súa autonomía e, se é o caso, do órgano convocante segundo a natureza das sesións a realizar.

**7.3.** Duplicar o importe das axudas por formación “reintegros por formación”, a partir da convocatoria que se realice no ano 2024.

**7.4.** Regular as licenzas de formación non retribuídas que resultarán de aplicación a partir do ano 2024.

*María Fernanda VGT*

*ANPE*

*CCO0*

*[Signature]*



## 8. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO.

Para facilitar o cumprimento e interpretación deste acordo constituirase unha comisión de seguimento formada por representantes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e das organizacións sindicais asinantes, que se reunirá polo menos unha vez ao ano ou por petición de calquera das partes.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2023

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA




Alfonso Rueda Valenzuela

POR CC.OO



José Manuel Fuentes Fariña

POR ANPE



Julio Díaz Escolante

POR UGT-SP ENSINO



Sandra Montero Nogareda

# TÁBOA COMPARATIVA DAS CONDICIÓNS LABORAIS ANTERIORES E POSTERIORES AO ACORDO ASINADO

| MELLORAS E AVANCES                                                                                                             | ANTERIORES AO ACORDO       | PRIMEIRA PROPOSTA DA CONSELLERÍA                                       | ACORDO FINAL ASINADO TRAS NEGOCIACIÓN NA MESA SECTORIAL                                                                                            |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------|------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <i>Ratios</i> Infantil e Primaria                                                                                              | 25                         | PROGRESIVAMENTE, 23 O PRIMEIRO CURSO DESE NIVEL E 20 NO CURSO SEGUINTE | 20 DE FORMA PROGRESIVA                                                                                                                             |
| <i>Ratios</i> en ESO e Bacharelato                                                                                             | 30 E 33, RESPECTIVAMENTE   | NON SE CONTEMPLABA REDUCIÓN RATIOS                                     | 25 E 30, RESPECTIVAMENTE<br>O calendario de aplicación negociárase ao rematar o proceso en infantil                                                |
| Horario lectivo en Infantil e Primaria                                                                                         | 25                         | 25                                                                     | 23 HORAS<br>COMPROMISO DE NEGOCIAR REDUCIÓN HORARIO LECTIVO                                                                                        |
| Horario lectivo no resto de ensinanzas                                                                                         | 20                         | 20                                                                     | COMPROMISO DE NEGOCIAR REDUCIÓN HORARIO LECTIVO                                                                                                    |
| Prohibición de incrementar alumnado en grupos de 20 a 25 alumnas/os                                                            | NON EXISTÍA                | NON SE CONTEMPLABA                                                     | INCLÚESE<br>Exemplo: un grupo que no curso 24/25 teña 21 alumnas/os, non poderá superar esa cifra en todo o proceso de aplicación de novas ratios  |
| Prohibición de facer supresións en caso de descenso de alumnado por debaixo das <i>ratios</i> xa existentes                    | NON EXISTÍA                | NON SE CONTEMPLABA                                                     | INCLÚESE                                                                                                                                           |
| Reactivación do Acordo de agrupamentos                                                                                         | NON SE APLICABA DENDE 2010 | NON SE CONTEMPLABA                                                     | INCLÚESE<br><i>Ratio</i> máxima de 14, 12 e 10 en caso de alumnado agrupado de diferente nivel, ciclo ou etapa educativa, respectivamente          |
| Dotación de máis profesorado en caso de que por inexistencia de aulas non se poida desdobrar                                   | NON EXISTÍA                | CONTEMPLÁBASE                                                          | CONTÉMPLASE                                                                                                                                        |
| Alumnado que compute dobre e triplo a efectos de <i>ratios</i> (trastornos graves conduta, discapacidade, dependencia...)      | NON EXISTÍA                | NON SE CONTEMPLABA                                                     | INCLÚESE                                                                                                                                           |
| Cómputo de alumnado repetidor a efectos de <i>ratio</i>                                                                        | NON SE COMPUTABA           | NON SE CONTEMPLABA                                                     | INCLÚESE                                                                                                                                           |
| Incremento contía sexenios                                                                                                     | NON SE CONTEMPLABA         | 15% EN TRES ANOS                                                       | 20% EN 15 MESES                                                                                                                                    |
| Incremento contía función tutorial                                                                                             | NON SE CONTEMPLABA         | NON SE CONTEMPLABA                                                     | 20% EN 15 MESES                                                                                                                                    |
| Incremento complemento de desempeño da función directiva (incluídas persoas responsables de centros de menos de tres unidades) | NON SE CONTEMPLABA         | 45 EUROS EN TRES ANOS                                                  | 60 EUROS EN TRES ANOS                                                                                                                              |
| Simplificación de tarefas burocráticas                                                                                         | NON SE CONTEMPLABA         | CONTEMPLÁBASE SEN CONCRETAR                                            | CONTÉMPLASE<br>E para asegurar o seu cumprimento constitúese un grupo de traballo durante o curso actual para que poida implantarse no curso 24/25 |
| Posibilidade de realizar reunións telemáticas sempre que o Claustro ou órgano convocante así o decida                          | NON SE CONTEMPLABA         | CONTEMPLÁBASE                                                          | CONTÉMPLASE                                                                                                                                        |
| Incrementar as axudas de reintegros por formación                                                                              | NON SE CONTEMPLABA         | CONTEMPLÁBASE SEN CONCRETAR                                            | CONTÉMPLASE E DUPLÍCASE A SÚA CONTÍA                                                                                                               |
| Solicitude dunha licenza non retribuída para realizar ou completar formación                                                   | NON SE CONTEMPLABA         | NON SE CONTEMPLABA                                                     | CONTÉMPLASE E RECÓLLESE QUE DEBEN REGULARSE XA PARA O ANO 2024                                                                                     |